
MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

Esta memoria acompaña ás propostas de modificación substancial de programas de doutoramento responsabilidade da Universidade de Vigo e que están adscritos á súa Escola Internacional de Doutoramento (EIDO). Os programas que se propoñen modificar lístanse a continuación e forman parte da oferta actual de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo (indícase, entre parénteses, o curso da súa implantación):

- Análise económica e estratexia empresarial (2014/2015)
- Auga, sustentabilidade e desenvolvemento (2017/2018)
- Biotecnoloxía avanzada (2013/2014)
- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria (2013/2014)
- Ciencias da educación e do comportamento (2013/2014)
- Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (2013/2014, versión actual no 2018/2019)
- Ciencias sociais e envellecemento (2022/23)
- Comunicación (2013/2014)
- Creación e investigación en arte contemporánea (2013/2014)
- Creatividade e innovación social e sustentable (2017/2018)
- Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais (2013/2014)
- Educación, deporte e saúde (2013/2014)
- Enxeñaría química (2013/2014)
- Equidade e innovación en educación (2013/2014)
- Estudos lingüísticos (2013/2014)
- Estudos literarios (2013/2014)
- Física aplicada (2013/2014)
- Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida (2013/2014)

- Nanociencia e biomedicina (2023/2024)
- Ordenación xurídica do mercado (2013/2014)
- Protección do patrimonio cultural (2015/2016, versión actual no 2019/2020)
- Sistemas software intelixentes e adaptables (2013/2014)
- Tecnoloxía aeroespacial: enxeñaría electromagnética, electrónica, informática e mecánica (2013/2014)
- Tecnoloxías da información e as comunicacións (2013/2014)
- Tradución e paratradución (2013/2014)
- Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria (2013/2014)
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica (2013/2014)

Xustificación das modificacións substanciais

O Real Decreto 576/2023 introduce modificacións no Real Decreto 99/2011 que regula os estudos de doutoramento e que estableceu o marco normativo no que se produciu a implantación dos programas de doutoramento actuais. Os principais aspectos que se modifican no RD 576/2023 respecto ao RD 99/2011 son:

- Nova duración dos estudos de doutoramento: Establécese unha duración para estes estudos de catro anos a tempo completo e sete anos a tempo parcial, con posibilidade dunha prórroga dun ano adicional.

- Plan de formación persoal: Introdúcese a obrigatoriedade de que cada doutorando dispoña dun plan de formación persoal que conteña unha previsión das distintas actividades formativas que se desenvolverán durante a tese doutoral (cursos, impartición de seminarios, accións de mobilidade, etc.).

- Incorporación dunha nova competencia en capacidade de fomentar a Ciencia Aberta e a Ciencia Cidadá: Os doutorandos deberán adquirir

competencias en divulgación científica e na participación en actividades de Ciencia Cidadá, co obxectivo de promover a comunicación do coñecemento científico á sociedade.

- Avaliación e seguimento: Introdúcense unha serie de medidas vinculadas coa supervisión e avaliación do doutoramento, asegurando o cumprimento dos estándares de calidade e o desenvolvemento axeitado dos proxectos de investigación.

Estes cambios buscan mellorar a calidade dos estudos de doutoramento, adaptalos ás novas necesidades da investigación e da sociedade, e garantir a formación integral dos doutorandos.

Por outra banda, os protocolos de avaliación da Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) e o Procedemento para a Solicitud de Modificacións nos Programas de Doutoramento da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) establecen que, para introducir modificacións nos programas de doutoramento como as establecidas no RD 576/2023, é obrigatorio realizar unha modificación substancial das memorias de verificación dos títulos nas condicións establecidas polas normativas vixentes.

De acordo con todo o anterior, a adaptación dos programas de doutoramento ás novas condicións establecidas no RD 576/2023 e o cumprimento dos protocolos de calidade son as principais razóns que impulsan as modificacións substanciais dos títulos aos que se refire esta memoria.

Xustificación e oportunidade dos títulos

Dado que as modificacións que se propoñen dos títulos responden principalmente a novas esixencias normativas, as xustificacións orixinais sobre a relevancia e oportunidade dos programas de doutoramento a modificar non se alteraron significativamente desde a súa implantación. Máis aínda, estes programas

continúan sendo esenciais para o sistema de educación superior en Galicia e a súa presenza na oferta da Universidade de Vigo segue sendo fundamental.

De xeito análogo, os principios e requisitos xerais e as xustificacións socioeconómicas que inspiraron a creación inicial destes programas, consonte o Decreto 222/2011, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como as necesidades do mercado laboral, a demanda real da sociedade e do estudantado e os beneficios para o desenvolvemento social e económico, seguen vixentes. Así, os programas que se propoñen modificar demostraron a súa capacidade para a formación de profesionais altamente cualificados en diferentes áreas profesionais e de investigación e a súa necesidade maniféstase na demanda continua que presentan desde a súa implantación. Ademais, a súa contribución ao avance en áreas de coñecemento clave para o desenvolvemento da sociedade e da economía galega e global segue a ser relevante. Todos estes aspectos, coas particularidades propias de cada programa, atópanse detallados nas memorias modificadas de cada un dos títulos.

Debe destacarse aquí que, agás os de recente implantación (a partir do curso 2020/2021), todos os programas de doutoramento aos que se refire este documento superaron con éxito os procesos de seguimento e renovación da acreditación establecidos por ACSUG, o que avala a súa calidade, vixencia e viabilidade. Neste sentido, ademais dos cambios debidos ás adaptacións normativas, tamén se incorporaron nas memorias modificadas os aspectos de obrigado cumprimento e as recomendacións para a mellora incluídas nos informes de verificación, seguimento, modificación, cando procedeu, e renovación de acreditación dos que dispón cada un dos programas de doutoramento.

Por último, os programas de doutoramento que se propoñen modificar alíñanse coa estratexia de investigación da Universidade de Vigo e son fundamentais para acadar a excelencia en formación, investigación, innovación e transferencia de

coñecemento. Estas liñas estratéxicas, incorporadas tamén na Estratexia da EIDO, garanten que os programas se manterán na vangarda do coñecemento e da investigación.

Viabilidade económica

A sustentabilidade económica está garantida a través do soporte institucional da Universidad de Vigo que provee apoio e recursos aos procesos de funcionamento dos anteditos programas de doutoramento.

As propostas de modificación dos programas de doutoramento aos que se refire esta memoria non requiren recursos materiais ou humanos significativamente diferentes ou adicionais aos actualmente dispoñibles, consonte ao previsto nas súas memorias vixentes de verificación. Para todos os programas, os recursos materiais necesarios para a súa impartición están descritos no apartado 5 da memoria modificada e os recursos humanos actualizados que se dedican á impartición das ensinanzas están detallados no apartado 6 e os seus anexos. Estes recursos materiais e humanos están xa dispoñibles na Universidade de Vigo e, no caso de títulos interuniversitarios, nas outras universidades participantes e son os que se empregan actualmente para a impartición dos títulos. Por todo iso, as modificacións que se propoñen non implican nin a contratación de novo persoal nin a adquisición de novos recursos materiais, e tampouco requiren da achega de financiamento adicional por parte da Universidade de Vigo. Neste sentido, debe destacarse que a superación dos procesos de seguimento e renovación da acreditación comentada anteriormente reflicte que os programas de doutoramento cumpren axeitadamente cos requisitos establecidos polas axencias de avaliación da calidade en termos de recursos humanos e materiais.

En resumo, as modificacións substanciais dos programas de doutoramento ás que acompaña esta memoria están principalmente motivadas pola súa adaptación á

nova normativa establecida no RD 576/2023. Independentemente destas adaptacións normativas, os programas de doutoramento seguen mantendo o seu carácter esencial para a Universidade de Vigo e o Sistema Universitario de Galicia. A súa viabilidade económica está asegurada e non se requiren recursos adicionais para a implantación das modificacións. Os programas continúan sendo unha parte fundamental da oferta formativa e de investigación da Universidade de Vigo, contribuindo de xeito significativo ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía en Galicia e a nivel global.